

## **ESCULTURA ROMÁNICA (O PÓRTICO DA GLORIA)**



**CONTEXTO SOCIOCULTURAL.** *O mesmo que o de Praterías*

### **CARACTERÍSTICAS DA ESCULTURA ROMÁNICA**

- Subordinada á arquitectura.
- Temática relixiosa.
- Función didáctica.
- Predomina o relevo.
- Xerarquía na representación.
- Estética do feo
- Na escultura exenta hai dous temas, Cristo cricificado e a Virxe sedente (trono do seu fillo).
- Xeométrica, estática e de escasa calidade técnica. A medida que pasou o tempo e grazas aos Intercambios culturais (obradoiros itinerantes), fóronse perfeccionando as técnicas, mellorando as proporcións, o movemento,...
- A composición está condicionada por dúas leis:
  - Lei de adaptación ao marco.
  - Lei de adaptación á función.



## COMENTARIO DA OBRA

**OBRA:** Pórtico da Gloria (Catedral de Santiago de Compostela)


**AUTOR:** Mestre Mateo (arquitecto e escultor) e obradoiro.

**CRONOLOXÍA:** Século XII (1168-1188)

**ESTILO:** Escultura románica.

**UBICACIÓN:** Portada occidental da catedral de Santiago.

**MATERIAL:** Mármore e granito.



O Pórtico da Gloria é unha obra **escultórica e arquitectónica**. É un obra feita en material pétreo (granítico) e que conserva restos da súa policromía orixinal.

É unha portada monumental, claro exemplo da **síntese perfecta entre arquitectura e escultura e constituirá o inicio dun cambio estético**.

### Estrutura

Ten un programa iconográfico distribuído en **tres pisos**:

- **Cripta:** baixo o Pórtico. Representaría o **mundo terrenal** co Sol e a Lúa (*aparecen nas claves*)
- **Pórtico:** representa a **zona celestial**: A Gloria, onde se está a producir o Xuízo Final
- **Tribuna:** simbolizaría o Paraíso, a **Xerusalén Celestial**. *Aquí xa non hai sol nin lúa, xa que o cordeiro será a luz.*

### Ten tres portadas con arcos de medio punto:

- ✓ Na portada central hai tímpano e parteluz.
- ✓ Diante existe un espazo abovedado.
- ✓ Todas as figuras, arredor de 200, que o compoñen, **forman parte do mesmo programa iconográfico**.

**TEMA:** A GLORIA, a segunda parusía de Cristo (chegada) según a Apocalipse de San Xoán

*“e mirei e vin que no medio do solio e dos catro animais, e no medio dos anciáns, estaba un cordeiro como inmolado, que tiña sete cornos, isto é, un poder inmenso, e sete ollos, que son os sete espíritos de Deus botados a toda a terra. O cal veu, e recibiu o libro da man dereita de Aquel que estaba sentado no solio.*

*E cando abriu o libro, os catro animais e os vinte e catro anciáns axeonlláronse diante do cordeiro sostendo todos cítaras e copas de ouro, cheas de perfumes, que son as oracións dos santos...”*

*Apocalipse de San Xoán. Novo testamento. Sagrada Biblia.*

Como se distribúe o programa iconográfico?



**PARTE CENTRAL**


- **Cristo** que amosa as chagas da paixón.
- Rodeado dos **benaventurados** (38 figuras) e **catro evanxelistas** acompañados dos seus símbolos (**tetramorfos**)
- Aparecen **oito anxos da Paixón**, sobre o lintel que **transportan os instrumentos da Paixón**: columna, cruz, corda, coroa, lanza, xerra e sentença de morte.
- Na **arquivolta** que rodea o tímpano o escultor colocou aos **vinte e catro anciáns da Apocalipse afinando** os seus instrumentos. *Estes están esculpidos con grande cantidade de detalles, tanto as figuras como os propios instrumentos musicais da época (salterios, organistrum, violas...).*

É clara a xerarquización da escultura e a presenza do *horror vacui*



### PARTELUZ

- No fuste a *Árbore de Xesé*, onde aparece David, Salomón e María rematándoa coa Trindade. Entrelazadas por polas. No capitel está a Trindade.
- Sobre estes relevos o mestre Mateo colocou a representación dunha *imaxe sedente do Apóstolo*, nun lugar simbólico entre a parte terreal e a parte celestial






- Na parte posterior deste parteluz e de cara ao altar atopamos a famosa figura axeonllada que representa ao propio **mestre Mateo**.
- **No basamento** aparecen animais fantásticos, feras e monstros de difícil interpretación. Simbolizan o paganismo sobre o que se levanta a Igrexa cristiana

## ARCOS

**Arco Esquerdo:** as figuras colócanse nas arquivoltas. **Difíciles de identificar, aparecen figuras aplastadas por unha moldura pétreo.** Distintas interpretacións: *As últimas identificana cun Anástases= descenso de Cristo aos infernos para liberar aos xustos*

**Arco dereito.** As figuras ocupan as arquivoltas paralelamente a elas. Representábase o **Xuízo Final**. Aquí na clave aparece a cabeza de **Cristo e a de San Miguel**. As cabezas separan o lado dereito, dos **condenados**, do lado esquerdo, dos **benaventurados**. No lado dereito están representadas **figuras deformadas e monstruosas que nos provocan repulsa** e que queren ensinarnos os **castigos aos que se vén sometidos os humanos en relación aos seus pecados (gula, envexa, lascivia...)**. No lado esquerdo están os benaventurados: os anxos transportan as almas que se salvan.



## XAMBAS

Toda esta decoración complétase coas estatuas columnas das xambas e así aparecen **profetas, apóstolos e outras figuras bíblicas** de difícil identificación:

- **Xamba do pilar esquerdo:** o Antigo Testamento simbolizado cos Profetas. Moisés e os profetas Isaías, Daniel e Xeremías coas súas cartelas. A figura máis emblemática é a de Daniel, xa que nela se resume o espírito da nova escultura: no seu sorriso, na súa expresividade, no seu leve movemento...son os profetas con longas barbas que nos falan da súa ancianidade.
  - *Xeremías triste polas profecías que anunciaban a paixón de Cristo*
  - *Daniel sorrinte que anuncia a venida do Salvador*
  - *Isaías con pergamino*
  - *Moises levanta as Taboas da Lei*



- **Xamba do pilar dereito:** o Novo Testamento representado cos Apóstolos. Pedro, Pablo, Santiago o Menor e Xoán. Son os apóstolos con barbas curtas que nos falan da súa xuventude.
  - *Pedro coas chaves do reino de Deus*
  - *Pablo descalzo*
  - *San Xoan un xove e sobre a aguia*



## ESQUINAS E CONTRAPORTADA

- Nas esquinas os **anxos trompeteiros** anuncian o **Xuízo Final**.
- Na **contraportada**, e polo tanto de costas á luz, quedan unha serie de estatuas columnas de complicada identificación: **Virxilio, Xoán Bautista, Raíña de Saba** *que para algún autores como S. Moralejo son personaxes que anunciaron a chegada de Cristo e que permanecen en penumbra (relaciónaas cun drama litúrxico representado nas igrexas medievais).*



**O PRINCIPAL AUTOR É O MESTRE MATEO.** Non hai moita información sobre este autor ¿orixe francesa, galega? pero queda a súa obra que logrou unha clara **ruptura co pasado**. Os trazos máis salientables da súa obra son:

- Modelado **suave** das figuras
- Cabezas con expresión **pacífica**
- Cabelos con rizados soltos rematados en **bucles**
- **Libera as figuras** do marco arquitectónico
- Marca as anatomías a través dos panos
- Son figuras moi elegantes
- Abandona o hieratismo e a **inexpresión**

As obras a él atribuídas son:

- ✓ **Cristo en maxestade** do tímpano,
- ✓ **Os vintecatros anciáns**,
- ✓ **Apóstolo** do parteluz
- ✓ **Profetas** do lado esquerdo (Daniel, Isaías, Xeremías e Moisés)

### Outros Mestres do obradoiro de Mateo:

1. **Mestre dos Apóstolos**, fai os Apóstolos da dereita **cun canon máis alongado e pregues máis abundantes**.
2. **Mestre dos Evanxelistas**, autor do Tetramofos, **máis plano ca Mateo**.
3. Mestre que fai as figuras da contraportada e anxos trompetteiros, **moi dinámico**.

### Conclusión

Este pórtico supón a configuración e o achegamento a unha **nova escultura**, á escultura gótica.

### Que hai de gótico????

- ✓ **A perfección técnica:** xa non son figuras deformadas, senón proporcionadas
- ✓ **O naturalismo:** son humanas, conversan, móvense, xiran a cabeza, dobran os pés...
- ✓ **Liberación dos marcos:** son figuras voluminosas que se separan do fondo e sen pés colgantes
- ✓ **A comunicación, expresión de sentimentos**
- ✓ **Realismo** das anatomías
- ✓ Traballo dos **pregues amplos**, voluminosos
- ✓ Arquitectonicamente úsase bóveda de crucería

### Que queda de Románico????

- ✓ Forma parte dunha obra arquitectonicamente románica (**fusión** arquitectura-escultura)
- ✓ Os arcos da portada seguen a ser de **medio punto** e as figuras da arquivolta dispóñense de xeito radial
- ✓ O tema: **cristo rodeado do tetramorfos**, aínda que aquí é máis humanizado ao ensinar as chagas da Paixón
- ✓ O **horror vacui** e certa adaptación ao marco
- ✓ A **xerarquía** na representación
- ✓ Certa rixidez e hieratismo

**O cambio no tema do pórtico** —un Deus máis humano que no románico— e a **perfección no traballo da escultura** fan do mestre **Mateo un autor único**. Ata o punto de ser recordado o seu nome nunha época na que os autores non eran nada valorados. Este pórtico é **unha obra excepcional** e supón a configuración dunha nova escultura, a escultura gótica.



### Outras imaxes que poden preguntar

**OBRA:** Apóstolo Santiago (Pórtico da Gloria)

**AUTOR:** Mestre Mateo

**CRONOLOXÍA:** Século XII (1168-1188)

**ESTILO:** Escultura románica, principios do gótico.

**UBICACIÓN:** Portada occidental da catedral de Santiago.

**MATERIAL:** Granito.



Estamos ante a figura do Apóstolo adosada no parteluz da Catedral. Figura granítica, con restos de policromía. É unha figura **sedente en posición frontal**.

- Mira ao fronte
- Tras a cabeza leva unha coroa con pedras incustradas
- O corpo está cuberto con manto que se prega nos bordes e tamén nos brazos ao dobralos
- Na man dereita leva un pergamino no que está escrito *Misit me Dominus*, que significa ENVIÓUME O SEÑOR.
- Na man esquerda, máis elevada porta un bastón, chamado **tau**.

Está situado nun lugar estratéxico, no parteluz, **entre a terra e o ceo**: el é o intermediario entre nós, a terra, e Deus, o ceo. A súa función é a de acoller aos peregrinos que acoden a Santiago

É unha figura de gran calidade técnica que amosa claramente as características do autor e do período.



Non hai moita información sobre este autor ¿orixe francesa, galega? pero queda a súa obra que logrou unha clara **ruptura co pasado**. Os trazos máis salientables da súa obra son:

- Modelado **suave** das figuras
- Cabezas con expresión **pacífica**
- Cabelos con rizos soltos rematados en **bucles**
- **Libera as figuras** do marco arquitectónico
- Marca as anatomías a través dos panos
- Son figuras moi elegantes
- Abandona o hieratismo e a **inexpresión**

### CARACTERÍSTICAS DA ESCULTURA ROMÁNICA

(integrado nos comentarios)

- Subordinada á arquitectura.
- Temática relixiosa.
- Función didáctica.
- Predomina o relevo.
- Xeométrica e estática e de escasa calidade técnica. A medida que pasou o tempo e grazas aos Intercambios culturais (obradoiros itinerantes), fóronse perfeccionando as técnicas, mellorando as proporcións, o movemento,...
- A composición está condicionada por dúas leis:
  - Lei de adaptación ao marco.
  - Lei de adaptación á función.

### Que hai de gótico????

- ✓ **A perfección técnica:** é unha figura proporcionada.
- ✓ **O naturalismo**
- ✓ **Liberación do marco:** figura voluminosa
- ✓ **A comunicación, expresión de sentimentos**
- ✓ **Realismo** da anatomía
- ✓ Traballo dos **pregues amplos**, voluminosos

### Que queda de Románico????

- ✓ Forma parte dunha obra arquitectonicamente románica (**fusión** arquitectura-escultura)
- ✓ Adaptación ao marco
- ✓ Certa rixidez e hieratismo

Esta figura está ubicada no Pórtico da Gloria, obra **escultórica e arquitectónica**. É unha portada monumental, claro exemplo da **síntese perfecta entre arquitectura e escultura e constituirá o inicio dun cambio estético**. Ten un programa iconográfico distribuído en tres pisos: A cripta, o Pórtico en sí e a tribuna.

O Pórtico simboliza a zona celestial: A GLORIA (onde se está a producir o Xuízo Final). Na súa portada central hai tímpano e parteluz. Neste parteluz e, sobre a árbore de Xesé, é onde o Mestre Mateo colocou esta **imaxe sedente do Apóstolo**, nun lugar simbólico entre a parte terreal e a parte celestial.

### **IMAXINADE QUE POÑEN ESTA IMAXE**

**OBRA:** Apóstolos das xambas, lado dereito do Pórtico da Gloria

**AUTOR:** Mestre dos Apóstolos

**CRONOLOXÍA:** Século XII (1168-1188)

**ESTILO:** Escultura románica, principios do gótico.

**UBICACIÓN:** Portada occidental da catedral de Santiago.

**MATERIAL:** Granito.



É un grupo escultórico que representa a catro apóstolos: Pedro, coa chave; Pablo, Santiago e Xoán coa aguiña nos pés e representado dun xeito máis xove. Forman parte do programa iconográfico do Pórtico. Son catro figuras graníticas con restos de policromía.

Están ubicadas na xamba do lado dereito do Pórtico. Xunto co resto das estatuas columna do pilar dereito representan ao Novo Testamento.

### **Composición**

- En posición frontal, de pé e cubertos con **amplios mantos** que se pregan abundantemente
- Teñen **cabelo e barbas curtas**, diferentes a dos profetas que teñen fronte a eles, e que nos falan da súa xuventude.
- Nas mans levan o libro que representa ao **Novo testamento** agás o da esquerda, que leva unha chave o que nos permite identificalo como San Pedro
- Están agrupados **por parellas** de xeito que parecen falar e xesticulan coas máns (sacra conversatione)
- A pesar da posición frontal **cabezas e pes xiran** e dótanos de vida e movemento

Probablemente o autor destas figuras fose un discípulo do mesmo Mateo, **o chamado Mestre dos Apóstolos**, xa que as figuras amosan:

- un canon máis alongado
- e uns pregados máis profundos que os que realizaba o famoso mestre

### **CARACTERÍSTICAS DA ESCULTURA ROMÁNICA**

- Subordinada á arquitectura.
- Temática relixiosa.
- Función didáctica.
- Predomina o relevo.
- Xeométrica e estática e de escasa calidade técnica. A medida que pasou o tempo e grazas aos Intercambios culturais (obradoiros itinerantes), fóronse perfeccionando as técnicas, mellorando as proporcións, o movemento,...
- A composición está condicionada por dúas leis:
  - Lei de adaptación ao marco.
  - Lei de adaptación á función.

### **Que queda de Románico????**

- ✓ Forma parte dunha obra arquitectonicamente románica (**fusión** arquitectura-escultura)
- ✓ O **horror vacui** e certa adaptación ao marco
- ✓ Certa rixidez e hieratismo

### Que hai de gótico????

- ✓ **A perfección técnica:** xa non son figuras deformadas, senón proporcionadas
- ✓ **O naturalismo:** son humanas, conversan, móvense, xiran a cabeza, dobran os pés...
- ✓ **Liberación dos marcos:** son figuras voluminosas que se separan do fondo e sen pés colgantes
- ✓ **A comunicación, expresión de sentimentos**
- ✓ **Realismo** das anatomías
- ✓ Traballo dos **pregues amplos**, voluminosos

Estas figuras están ubicada no Pórtico da Gloria, obra **escultórica e arquitectónica**. É unha portada monumental, claro exemplo da **síntese perfecta entre arquitectura e escultura e constituirá o inicio dun cambio estético**. Ten un programa iconográfico distribuído en tres pisos: A cripta, o Pórtico en sí e a tribuna.

Este pórtico supón a configuración e o achegamento a unha **nova escultura**, á escultura gótica.

### **IMAXINADE QUE POÑEN ESTA IMAXE**

**OBRA:** Profetas das xambas, lado esquerdo do Pórtico da Gloria: Moisés, Isaías, Daniel e Xeremías.

**AUTOR:** Mestre Mateo

**CRONOLOXÍA:** Século XII (1168-1188)

**ESTILO:** Escultura románica, principios do gótico.

**UBICACIÓN:** Portada occidental da catedral de Santiago.

**MATERIAL:** Granito.



É un grupo escultórico que representa a catro profetas (Moisés, Isaías, Daniel e Xeremías). Forman parte do programa iconográfico do Pórtico. Son catro figuras graníticas con restos de policromía

### **Composición**

- En posición frontal, de pé e cubertos con **amplios mantos** que se pregan abundantemente
- Teñen **cabelos longos (Moisés e Isaías) e barbas longas** (agás o xove Daniel) asociados a que fan referencia ao Antigo Testamento
- Nas mans levan **uns pergaminos** que representan ese Antigo Testamento
- Están agrupados **por parellas** de xeito que parecen falar
- A pesar da posición frontal **cabezas e pes xiran** e dótanos de vida e movemento
- É **salientable o famoso sorriso de Daniel** que sintetiza moi ben as características da nova escultura que hai neste Pórtico.

Estas catro figuras son obra de Mestre Mateo. **Non** hai moita información sobre este autor ¿orixe francesa, galega? pero queda a súa obra que logrou unha clara **ruptura co pasado**. Os trazos máis salientables da súa obra son:

- Modelado **suave** das figuras
- Cabezas con expresión **pacífica**
- Cabelos con rizados soltos rematados en **bucles**
- **Libera as figuras** do marco arquitectónico
- Marca as anatomías a través dos panos
- Son figuras moi elegantes
- Abandona o hieratismo e a **inexpresión**

### **CARACTERÍSTICAS DA ESCULTURA ROMÁNICA**

- Subordinada á arquitectura.
- Temática relixiosa.
- Función didáctica.
- Predomina o relevo.
- Xeométrica e estática e de escasa calidade técnica. A medida que pasou o tempo e grazas aos Intercambios culturais (obradoiros itinerantes), fóronse perfeccionando as técnicas, mellorando as proporcións, o movemento,...
- A composición está condicionada por dúas leis:
  - Lei de adaptación ao marco.
  - Lei de adaptación á función.



### Que queda de Románico????

- ✓ Forma parte dunha obra arquitectonicamente románica (**fusión** arquitectura-escultura)
- ✓ O **horror vacui** e certa adaptación ao marco
- ✓ Certa rixidez e hieratismo

### Que hai de gótico????

- ✓ **A perfección técnica:** xa non son figuras deformadas, senon proporcionadas
- ✓ **O naturalismo:** son humanas, conversan, móvense, xiran a cabeza, dobran os pés...
- ✓ **Liberación do marco:** figuras voluminosas que se separan do fondo e sen pés colgando
- ✓ **A comunicación, expresión de sentimentos**
- ✓ **Realismo** da anatomía
- ✓ Traballo dos **pregues amplos**, voluminosos

Estas figuras están ubicadas no Pórtico da Gloria, obra **escultórica e arquitectónica**. É unha portada monumental, claro exemplo da **síntese perfecta entre arquitectura e escultura e constituirá o inicio dun cambio estético**. Ten un programa iconográfico distribuído en tres pisos: A cripta, o Pórtico en sí e a tribuna. Este pórtico supón a configuración e o achegamento a unha **nova escultura**, á escultura gótica.

### PARA LER

*O Pórtico presenta unha perfecta proporción e serenidade clásicas, xunto coa elegancia do detalle. As figuras, de maior volume que ata entón dando un paso adiante na liberación do marco arquitectónico, adoptan posturas e xestos diferenciadores, cun canon estilizado, un tratamento bastante realista das anatomías que se adiviñan baixo a branduras das vestimentas, que se moven en múltiples pregas volumétricos de liñas suaves e menos xeometrizados. **E por riba de todo esa sensación de vida, hai movemento, comunicación, sentimento, emocións, sensibilidade. Non se nos esconde a dozura de Santiago, o sorriso de Daniel ou a tormenta interior de Isaías....***

<http://www.slideshare.net/arelar/el-portico-de-la-gloria>